



Concello de Cuntis

BANDO

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis, fai saber:

Que o Concello de Cuntis acude á convocatoria do PIMA de Residuos 2018-2019.

Todos/as veciños/as que desexen participar neste proxecto, consistente na colocación dun composteiro individual na súa vivenda poderán facer a inscrición previa no Concello.

Como ben sabe, a compostaxe consiste en transformar os residuos orgánicos do fogar nun fertilizante para as súas plantas e/ou xardín.

Para poder participar neste Programa de Compostaxe deberá reunir os seguintes **requisitos**:

- A vivenda deberá estar situada no Concello de Cuntis
- Deberá tratarse da vivenda habitual
- Deberá dispor nun pequeno espazo para a súa colocación no xardín ou horta
- Deberá estar disposto a participar no proxecto educativo que consiste nunha formación inicial e tres visitas do/a monitor/a á vivenda

O modelo de inscrición poderase recoller nas oficinas xerais do Concello ou descargarse da páxina web deste.

Serán seleccionadas as primeiras 200 solicitudes rexistradas.

O prazo de entrega destas abrirase o luns 19 de marzo e finalizará o martes 3 de abril de 2018.

O alcalde,